


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/05/2018 12:56:29

SAIDA 6050/18



**Valedor
do Pobo**
Galicia

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: D.3.Q/4153/18

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018


Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento de que a CiUG publicou o día 7 de febreiro de 2018 unha nota informativa na que manifestaba que o alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español obtido no curso 2015/16 que non accedese á universidade (D.T. única da Orde ECD/1491/2016, de 22 de decembro, así como o alumnado que tendo cursado con anterioridade 2º de bacharelato e que fose proposto para o título no curso 2016/17, ao que tamén se refire esa disposición transitoria, mantén o seu dereito de acceso á universidade sen necesidade de superar as probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade.

En contra desta afirmación, a mesma CiUG fixo público o 14 de maio de 2018 (menos dun mes antes da celebración das primeiras probas da ABAU) un aviso urxente no que indica a este alumnado que, para acceder á universidade, teñen a obrigaón de realizar e superar as probas da ABAU, tanto da fase obrigatoria como, no seu caso, a fase voluntaria.

Ademais disto, a propia CiUG emprega a técnica da corrección de erros na publicación da convocatoria de matrícula da proba de ABAU, non para emendar erros de edición, senón para alterar de forma expresa o contido efectivo da normativa reguladora da matrícula. De feito, a CiUG motiva esa corrección na comunicación recibida desde o MECD aclarando o sentido desa exención na disposición transitoria única da Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro. Isto supón unha grave irregularidade que pode determinar importantes consecuencias para a vixencia das normas, e da que poden ademais derivarse responsabilidades.

O certo é que con esa nota informativa da CiUG do 7 de febreiro, creouse un signo externo producido pola Administración o suficientemente concluínte como para inducir



**Valedor
do Pobo**
Galicia

razoablemente a confiar na legalidade da actuación administrativa, unido a que o tempo transcorrido entre esa nota informativa e a súa rectificación, de case tres meses e medio, fai imposible calquera recondución da situación creada respecto deste alumnado cara á realización dunha proba da que se lles asegurou que estaban exentos.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos desa consellería que coa maior urxencia, dados os prazos de realización da matrícula e a convocatoria das probas, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, no caso de confirmarse; e sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán, no caso de confirmarse tal situación; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.


Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros Otero Parga
Valedora do Pobo

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAIDA

Data: 25/05/2018 12:57:18
6051/18



Valedor
do Pobo
Galicia

Sr. presidente da Comisión Interuniversitaria de Galicia
Facultade de Dereito, 3º piso. Campus Universitario Sur
15782 - Santiago de Compostela

Expediente: D.3.Q/4153/18


Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento de que a CiUG publicou o día 7 de febreiro de 2018 unha nota informativa na que que manifestaba que o alumnado en posesión do título de Bacharelato do sistema educativo español obtido no curso 2015/16 que non accedese á universidade (D.T. única da Orde ECD/1491/2016, de 2016. 22 de decembro, así como o alumnado que tendo cursado con anterioridade 2º de bacharelato e que fose proposto para o título no curso 2016/17, ao que tamén se refire esa disposición transitoria, mantén o seu dereito de acceso á universidade sen necesidade de superar as probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade.

En contra desta afirmación, a mesma CiUG fixo público o 14 de maio de 2018 (menos dun mes antes da celebración das primeiras probas da ABAU) un aviso urxente no que indica a este alumnado que, para acceder á universidade, teñen a obrigaón de realizar e superar as probas da ABAU, tanto da fase obrigatoria como, no seu caso, a fase voluntaria.

Ademais disto, a propia CiUG emprega a técnica da corrección de erros na publicación da convocatoria de matrícula da proba de ABAU, non para emendar erros de edición, senón para alterar de forma expresa o contido efectivo da normativa reguladora da matrícula. De feito, a CiUG motiva esa corrección na comunicación recibida desde o MECD aclarando o sentido desa exención na disposición transitoria única da Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro. Isto supón unha grave irregularidade que pode determinar importantes consecuencias para a vixencia das normas, e da que poden ademais derivarse responsabilidades.





**Valedor
do Pobo**
Galicia

O certo é que con esa nota informativa da CiUG do 7 de febreiro, creouse un signo externo producido pola Administración o suficientemente concluínte como para inducir razoablemente a confiar na legalidade da actuación administrativa, unido a que o tempo transcorrido entre esa nota informativa e a súa rectificación, de case tres meses e medio, fai imposible calquera recondución da situación creada respecto deste alumnado cara á realización dunha proba da que se lles asegurou que estaban exentos.

Polo exposto anteriormente iníciase a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos desá Comisión Interuniversitaria que coa maior urxencia, dados os prazos de realización da matrícula e a convocatoria das probas, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información, no ámbito das súas competencias, sobre as comprobacións realizadas en relación cos feitos sinalados, no caso de confirmarse; e sobre as medidas que se adoptaron ou se adoptarán, no caso de confirmarse tal situación; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros Otero Parga
Valedora do Pobo